

XXIV MOSTRA DE ACTIVIDADES CULTURÁIS **12 a 14 maio 2020, Forum Metropolitano**

NORMAS XERAIS PARA AS FAMILIAS

- O público non poderá entrar ou saír do auditorio até a finalización do bloque, xa que o que se pretende é que vexades as vosas actuacións e tamén as dos nenos e nenas doutras ANPAS, respectando aos artistas e a todas as familias presentes.
- Por razóns de seguridade e en cumprimento da normativa vixente, non se permite a entrada dos carros de bebés ao auditorio, quedando na área de camerinos a cargo dos responsables da organización.
- Cumprir os horarios establecidos en cada bloque, tendo en conta que os participantes teñen que estar no vestíbulo do Forum 30 minutos antes do comezo da actuación.
- Únicamente accederán aos camerinos os monitores e responsables das ANPAS, coas credenciais que se lles facilitarán o primeiro día da actuación.
- Cada grupo estará acompañado en todo momento dun representante da ANPA, tanto na entrada e saída do auditorio como nos camerinos.
- Os nenos e nenas non sairán do recinto de camerinos ata que finalice o bloque. Estarán acompañados da ANPA e/ou monitor correspondente e serán entregados ás súas familias no vestíbulo de entrada.
- FEDAPAS, que non tomará imaxes nin fará gravacións das actuacións, non se fai responsable da toma de imaxes nin gravacións de terceiros, sendo de exclusiva responsabilidade de quen as faga as sanción derivadas do uso e/ou cesión indebidos das mesmas.

CONCURSO DE DEBUXO

Convidámosvos un ano mais a participar no concurso de debuxo, que teredes que entregar á vosa ANPA para que elixa o gañador de entre os participantes do centro. Cada ANPA presentará un só debuxo na Federación, e o prazo remata o día 12 de marzo, así que animade a eses artistas!

- Os debuxos realizaranse nun folio (DIN-A4) e cunha temática relacionada ás actividades culturais propias da Mostra.
- O debuxo será anónimo, non debe levar o nome no propio folio.

- Dos traballos presentados na Federación elixirase un debuxo gañador, do que se realizará o cartel anunciador da presente Mostra. Este participante gañador recibirá un agasallo e diploma.
- Todos os traballos presentados na Federación considéranse finalistas e recibirán tamén un diploma acreditativo e agasallo, que se lles entregará no acto de clausura do xoves día 14 de maio.

Moitas grazas pola vosa colaboración.

Federación Provincial de ANPAS